



ANUNCIO ACEPTACIÓN RENUNCIA E MODIFICACIÓN CONTRATACIÓN BRIGADISTAS AÑO 2019

O 30.07.2019 ditouse a Resolución de Alcaldía núm. 753/2019 que di:

"[...]

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada o 29.07.2019 por Andrés Orjales García, a ser contratado como persoal laboral temporal baixo a modalidade contractual de obra ou servizo, como peón de brigada para a realización de traballos de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, de conformidade ao Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Fene.

SEGUNDO.- Proceder á contratación de Yoel Pico Caaveiro, como persoal laboral temporal baixo a modalidade contractual de obra ou servizo, como peón de brigada para a realización de traballos de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, de conformidade ao Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Fene, dende o 31.07.2019 ata o 30.10.2019 coas seguintes retribucións mensuais: 1.166,67 € (1.000 € máis 166,67 € de prorrata da extra).

TERCEIRO.- Requirit a Yoel Pico Caaveiro que, con carácter previo á súa contratación, presente a seguinte documentación:

-Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que teñen "a capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais."

-Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

O aspirante que no prazo indicado non presente a documentación requirida pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior.

CUARTO.- Advertir que o citado traballador será sometido a un recoñecemento médico segundo a documentación técnica que se contén no convenio de colaboración asinado entre a Consellería Rural e o Concello de Fene, e que será motivo de extinción do contrato de traballo a non superación do recoñecemento médico (artigo 52.a) do Real decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores).

QUINTO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do Concello.

SEXTO.- Publicar esta resolución na páxina web do Concello."

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza do Alcalde Ramón José Souto González, s/n.- Tlfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 -15500-FENE

CIF: P-1503600-G

CVD: wuS99q/CmDH0TK0AEE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Gumersindo Pedro Galego Feal (FECHA: 30/07/2019 12:16:00)
Versión imprimible